

A VOZ DOS LEMAVOS

R E V I S T A O R A L

Nº 2

Sábado, 24 de maio de 2014. Revista oral de periodicidade anual, editada polo Museo Pazo de Tor (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: 18:00 horas. Lugar: Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos (Lugo). Duración aprox.: 1:30 h. Coordina: Antonio Reigosa.

As artes do viño

SUMARIO

Portada musical

Fox trop Río Douro, por Tundal (3')

Arqueoloxía do viño

Lagares rupestres na Ribeira Sacra. Nota duns achados, por Iván Álvarez Merayo (10')

Música

Foliada de Tenorio, por Tundal (3')

Poesía do viño (I)

Poemas extraídos do libro "Do Faro ao Miño", por Xosé Lois García (5')

Música

O cantar do arriero, por Tundal (3')

O viño nos museos da Rede Museística

Trasfegando na adega, por Mª Rosario Fernández González (10')

Música

Cantares a capela, por Tundal (3')

Memoria do viño

Adegas monumentais e monumentos convertidos en adegas. Tesouros de pedra e viño ocultos na Ribeira Sacra, por Luis Díaz (10')

Poesía do viño (e II)

Poemas extraídos do libro "Do Faro ao Miño", por Xosé Lois García (5')

As rendas do viño

A importancia do viño na Casa de Tor, por Juan Márquez Barros (10')

Música

O maio de Viveiro, por Tundal (3')

A arte de facer cestos

Conversa con Avelino García Pérez, o cesteiro de Pincelo* (10')

Opinión

Intervención do público (5')

Epílogo

por Encarna Lago, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (3')

Contraportada musical

Sabaxáns, por Tundal (3')

*Avelino García Pérez, cesteiro de Pincelo, A Sariña (Chantada), elaborará no transcurso da revista oral un cesto tradicional usado para vendimar.

Nota

Nesta xornada remata no Museo Pazo de Tor unha exposición-intervención con botellas de diferentes adegas da *D.O. Ribeira Sacra*, actividade que formou parte do proxecto "*Guía Postal da Moda de Lugo*".

COLABORAN NESTE NÚMERO

Iván Álvarez Merayo.- Naceu en Pontevedra en setembro de 1971, ainda que dende hai moitos anos vive no Val de Lemos. Licencouse en Xeografía e Historia, especialidade en Prehistoria e Arqueoloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela en 1996, e actualmente exerce de arqueólogo profesional por toda a Comunidade Autónoma. No ano 1996 comezou como autónomo a súa actividade profesional, leva vinculado á arqueoloxía dende neno, xa que o seu pai, tamén arqueólogo, involucrouno na súa actividade dende moi pequeno. Esta práctica profesional permitiulle dirixir gran número de intervencións arqueolóxicas, dende escavacións de investigación e urxencia até a prospección arqueolóxica de máis de vinte concellos da nosa comunidade. Xunto a estes traballos de campo tamén ten publicado en varios medios os resultados dos seus traballos así como impartido varias conferencias.

Luis Díaz.- Xornalista e licenciado en Filosofía, traballa na actualidade na delegación de *La Voz de Galicia* en Monforte, localidade na que naceu no ano 1963. Desenvolveu toda a súa traxectoria profesional en *La Voz de Galicia*, xornal no que se especializou en temas de enoloxía e viticultura. É autor da *Guía de Viños de Galicia* que editou La Voz no Xacobeo do 2004 e ten o premio á mellor divulgación xornalística que concede a Asociación de Sumilleres Gallaecia. Membro fundador do panel de cata da DO Ribeira Sacra, colabora habitualmente como xurado en concursos vitícolas nacionais e internacionais (Bacchus, Albariños al Mundo, Concours International de Vins de Montagne). Tamén ten colaborado coa Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia en investigacións sobre a caracterización sensorial das castas galegas e con entidades como a UNED na divulgación de aspectos relacionados coa historia da viticultura en Galicia. Na actualidade, firma unha das seccións do suplemento *De Vinos* de *La Voz*, recentemente premiado polo Instituto Galego do Viño.

Mª del Rosario Fernández González.- Nacida en Lugo en 1968, é licenciada en Xeografía e Historia, especialidade de Museoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Máster en Museoloxía e Museos pola Universidade de Alcalá. Desde hai dezasete anos ocupa a praza de Técnica da Sección de Artes Decorativas e Etnografía no Museo Provincial de Lugo e na actualidade é a Responsable do Departamento de Artes Decorativas e Etnografía. Realizou a reforma museográfica da Fortaleza de San Paio de Narla e a montaxe dos novos espazos expositivos do Pazo de Tor. Comisiou numerosas exposicións en Italia, Polonia ou Portugal, así como no propio centro de traballo. Publicou varios catálogos razoados sobre coleccións do Museo Provincial de Lugo: *Aleteos*, *Tempora Mutantur* (xunto con Fernando Arribas Arias), *Arte Africana*, *Ourivería Tradicional do Museo Provincial de Lugo...* e está a rematar o catálogo das coleccións do Museo Fortaleza de San Paio de Narla.

Xosé Lois García.- Naceu o 22 de abril de 1945 na cidade de Lugo. Aos vinte anos pasou vivir a Barcelona,

onde estudiou varios cursos de socioloxía no Instituto de Ciencias Sociais e Políticas que, máis tarde, abandona para ingresar na Universidade de Barcelona da que é licenciado en Filosofía e Letras (rama de Historia). Desenvolveu diversos labores na divulgación da cultura galega en Cataluña. Conferenciante, articulista en varias publicacións de Galicia, España e do estranxeiro. Ensaísta, crítico literario, de arte e dramaturgo. Especialista da literatura de expresión portuguesa en África, antólogo e tradutor. A súa obra compónena máis de cincuenta libros publicados sobre diversas temáticas en galego, portugués e catalán. Ten realizado varias viaxes a África e América. Investigador sobre a obra de Agostinho Neto, o primeiro presidente de Angola, e doutros autores, e é membro de honor da União dos Escritores Angolanos. A súa obra poética está composta por vinte libros, diversificados en poesía amorosa, como *Aquarium* (1982), poesía erótica, como *Materia Corporal* (1986) e *Falo de Baco* (1998) aos que temos que engadir *Kalandas* (2005).

Juan Ignacio Márquez Barros.- (Pontevedra, 1979). Diplomado en Biblioteconomía e Documentación. Auxiliar de Biblioteca no Pazo de Tor. Tras empezar a súa vida profesional en axencias de publicidade en Madrid, trasládase a Galicia no 2004 onde comeza a centrarse no mundo dos arquivos familiares mediante diferentes bolsas. Actividade que interrompe no 2006 para trasladarse á Biblioteca Nacional de Portugal en Lisboa cunha bolsa internacional. É ali onde empeza a tomar contacto co mundo das novas tecnoloxías enfocadas ao mundo da información. Tras o seu paso por Portugal volve a Galicia e comeza a traballar na Rede Museística Provincial de Lugo, Pazo de Tor como auxiliar de biblioteca. Ao longo destes anos participou en diferentes proxectos xunto aos compañeiros da Rede Museística, así como varios obradoiros orientados ás novas tecnoloxías e ao mundo dos arquivos.

Tundal.- O Tundal é unha edificación cuberta e aberta por un dos seus muros que serve para gardar ou abrigar cousas ou espazos (o tundal da leña, o tundal do forno...). Noutras zonas da nosa provincia chámasele alpendre ou alboio... Este nome sonoro vai servir para denominar un grupo de músicos que baixo o tundal do idioma e da música tradicional, ali onde sexa chamado fará música de rúa, tanto instrumental como cantada e que levará sempre no seu repertorio cantares de cego, romances, cantigas e pezas para seren bailadas. O número dos componentes do Tundal non é fixo, pero no caso que nos ocupa serán seis: Xosé L. Ansemil (percusión e voz); Antón Castro (zanfona e voz); Manolo Darriba (acordeón e voz); Miguel A. Díaz (clarinete e voz); Xan Fuertes (violín e voz) e Pedro Lucas (gaita, frautas e voz).

Avelino García Pérez.- De Pincelo, A Sariña, Chantada (Lugo). Ten 84 anos, dos que dedicou a maior parte a traballar as viñas e a elaborar artesanalmente cestos e "culeiros" para os labores da vendima. Tamén fabrica armazóns para os *puchos* das máscaras coñecidas como *volantes* do Entroido de Vilaúxe.

